RRR Ruta de Recursos de Ribeira

CONCELLO DE RIBEIRA

Natureza, historia e cultura conxúganse para facer do Concello de Ribeira un lugar imprescindible na visita a este municipio das Rías Baixas. En poucos kilómetros de distancia podemos atopar espazos únicos como o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, o dolmen de Axeitos, o petróglifo da Pedra das Cabras, o parque Periurbano e miradoiro de San Roque, o miradoiro da Pedra da Ra, o Castro da Cidá, o faro de Corrubedo, entre outros.

PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

Supón un dos enclaves de maior valor natural e paisaxístico galego. Foi declarado Parque Natural o 5 de xuño de 1992 e oito meses despois foi incluído no convenio RAMSAR (Humedais de Importancia Internacional), ademais está declarado como LIC (Lugar de Importancia Comunitaria), ZEPA (Zona de Especial Protección de Aves) e incluído no Red Natura 2000.

O Parque Natural destaca pola súa superficie, cun alto grado de virxindade, que merece unha atención preferente, e tamén polos seus valores ecolóxicos, científicos e estéticos. Nos seus 5km de costa, sobresae fundamentalmente a gran duna móbil, a maior do noroeste peninsular, que ten 1,2 km de lonxitude, 250m de ancho e 15m de altitude nos puntos máis elevados. Atopamos, tamén, neste parque unha extensa praia, dúas lagoas, a de Vixán de auga doce, a lagoa de Carregal de auga salgada e unha marisma. Dispón dun centro de recepción de visitantes "A Casa da Costa" e do Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia (CIELGA).

A flora e a fauna do Parque representan unha gran riqueza neste complexo. Podemos atopar unha representación de case todas as comunidades vexetais propias das marismas, lagoas e areais do litoral autonómico.

PARQUE PERIURBANO E MIRADOIRO DE SAN ROQUE

Está en Frións, parroquia de Carreira e constitúe un complexo de, aproximadamente, 175000 metros cadrados. Conta con reprodución dos achados máis significativos do Concello de Ribeira.

Supón un novo concepto de Parque, é ao tempo unha área de lecer, unha mostra didáctica arqueolóxica e un lugar calma e natural no que evadirse e gozar.

Un paseo polo Parque de San Roque convértese nunha visita cultural, é unha auténtica viaxe a través do tempo, onde nos atopamos con fieis réplicas dun castro, un dolmen, unha Pedrafita, unha mámoa, petróglifos, un anfiteatro…

Dispón de diversas instalacións, zona de aparcadoiro, un impoñente miradoiro con espléndidas vistas á cidade de Ribeira e á Ría de Arousa, vereas flanqueadas por árbores, o Centro de Interpretación Arqueolóxica, anfiteatro, área de merendoiro dotado dun cuberto con grellas, bancos e mesas, papeleiras e indicadores por todo o percorrido do parque.

DOLMEN DE AXEITOS

Declarado Ben de Interese Cultural. Este monumento funerario colectivo de grandes dimensións, provén da época megalítica –no terceiro milenio Ac.-. Está situado no lugar de Axeitos, na parroquia de Oleiros, e supón un dos principias vestixios da cultura megalítica galega. Componse dun sepulcro con corredor formado por unha estrutura de sete ortostatos de diversas dimensións cubertas por unha gran lousa "in situ" e outras dúas máis pequenas pertencentes ao corredor que facilita a entrada á cámara. Ademais o dolmen caracterízase polo seu simbolismo asociado ás pinturas e gravados con motivos xeométricos e antropomórficos, algúns aínda visibles nunca das laxes.

PETRÓGLIFO DA PEDRA DAS CABRAS

Está situado no lugar de Figueirido, na parroquia de Palmeira. Sobre unha roca semicilíndrica están representadas dúas imaxes zoomórficas, de grandes dimensións, dous cérvidos –macho e femia-, con corpos voluminosos e extremidades realizadas con tres trazos moi esquematizados. Dataríase entre a Idade do Cobre e do Bronce. Aquí, deseñaron estilizados animais quizais para propiciar a súa fertilidade ou como parte de rituais funerarios ou relixiosos.

CASTRO DO MONTE DA CIDÁ

Atópase no monte da Cidá, na parroquia de Carreira. É o de maiores dimensións do concello e un dos asentamentos máis antigos da comarca. Está situado a 40 metros do Miradoiro da "Pedra da Ra". Data da Idade do Ferro, pódense ver parte das murallas así como diversas construccións. Nos traballos de escavación atopáronse centos de pezas como restos cerámicos, obxectos metálicos e elementos de pedra.

CASTRO DE PORTO BAIXO

Está dentro do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, moi preto desta última. Data da Idade do Ferro aínda que polas escavacións efectuadas sábese que estivo habitada en época romana. É un castro costeiro cun único recinto, delimitado por unha muralla pétrea formada por dous muros paralelos –visible hoxe en día de xeito parcial- e probablemente tivo foxo perimetral.

MUÍÑOS DE AUGA NO RÍO SANCHANÁS OU DE ARTES E NO RÍO AMENDO

Ao longo da parroquia de Oleiros, no percorrido que o Río Sanchanás ou de Artes fai ata desembocar na lagoa de Carregal –formando o Río do Mar que desemboca no Océano Atlántico-, distribúense diversos muíños de auga, que conforman – xunto coa propia paisaxe- un agradable percorrido.
O río Amendo desemboca na lagoa de Vixán, dentro do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán; no contorno do río hai varios muíños de auga rehabilitados que, antigamente, eran puntos de reunión e encontro da xente, dando lugar ás "muíñadas". Na actualidade no mes de maio, celébranse festas deste tipo e organízanse actividades nas que se explica a historia e funcionamento destes muíños.

MIRADOIRO DA PEDRA DA RA

Atópase no monte da Cidá e pertence á parroquia de Carreira. Recibe o seu nome da gran rocha que semella a figura dunha ra. Desde alí temos unha inmellorable vista do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán así como da Illa de Sálvora que pertence ao Concello de Ribeira e está dentro do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

CAPELA E MIRADOIRO DE SAN ALBERTE

Situados na parroquia de Artes. Cabe destacar que se trata dunha das capelas máis antigas da comarca pois a estrutura orixinal data do século XI, cunha ábsida románica con vanos de medio punto, aínda que presenta engadidos e reformas posteriores. A súa romaría celébrase o día 8 de abril, e antigamente pedíase protección para os mariñeiros de aí a súa gran tradición na comarca.
Ao seu carón hai un miradoiro que, desde unha altura aproximada de 190 metros ofrece unha magníficas vistas panorámicas sobre a Ría.

FARO DE CORRUBEDO

Construído no 1853 polo arquitecto Celedonio Uribe. Estaba considerado como un dos máis importantes da zona polo perigo do cabo e os numerosos baixos que o rodean. Trátase dun edificio con fachada semicircular cara o mar e rectangular cara a terra. A torre arranca do interior do inmoble cunha sección troncónica.
En 1856 comezou a funcionar como guía para as embarcacións. Primeiro empregábase aceite para a iluminación, máis tarde petróleo e tan só desde hai uns corenta anos, corrente eléctrica. Coa chegada da electricidade o faro deshabitouse, o mesmo que moitos outros ao longo da costa.

O CARREIRO

Situado na parroquia de Aguiño. Son un grupo de illotes e illas, como a Illa Centoleiros, Barreiro e Ínsua, en parte unidas á costa mediante un espigón que conforma o bonito paseo do Carreiro, ao tempo que lle da protección ao porto de Aguiño.
,

PRAIAS

Os areais deste concello son un paraíso natural do que gozar en calquera época do ano. Unha parte fundamental do seu patrimonio natural que conta cun óptimo estado de conservación. A diversidade e calidade das praias ribeirenses repartidas ao longo dos seus 25 quilómetros de costa, permite que cada visitante encontre múltiples opcións desde praias tranquilas e augas calmas ata extensos areais nos que poder realizar grandes andainas ou practicar deportes náuticos como o surf, submarinismo ou vela.

PASEOS E ROTEIROS

O concello dispón de paseos litorais, paseos fluviais, ademais dunha serie de roteiros de sendeirismo espallados por todo o municipio que fan do Concello de Ribeira un lugar idóneo para camiñar gozando dos recursos naturais que nos ofrecen estes fermosos paseos.